



Anexo I

XXIX Travesía Abelardo López -Regulamento-

1.- ORGANIZACIÓN.- Correrá a cargo da Concellería Municipal de Deportes de Ferrol, coa colaboración do Arsenal Militar de Ferrol, diferentes clubs e entidades locais e estará rexida polas normas do presente Regulamento, co control da Federaron Galega de Natación.

2.- DATA E HORA DE CELEBRACIÓN.- A travesía celebrarase o domingo 11 de setembro de 2022, ás 16:00 horas.

3.- LUGAR DA PROBA.- A proba discorrerá sobre un triángulo, dentro do dique do Patio de Armas do Arsenal Militar de Ferrol.

4.- CATEGORÍAS.-

CATEGORÍAS			PERCORRIDO	
			FEDERADA	POPULAR
A	Masculina	Nados no 2010 e posteriores	B	C
	Feminina	Nadas no 2012 e posteriores	B	
B	Masculina	Nados no 2009 e 2008	B	
	Feminina	Nadas no 2011 e 2010	B	
C	Masculina	Nados no 2007 e 2006	A	
	Feminina	Nadas no 2009, 2008 e 2007	A	
D	Masculina	Nados no 2005 e 2004	A	
	Feminina	Nadas no 2006 e 2005	A	
E	Masculina	Nados entre 2003 e 1982	A	
	Feminina	Nadas entre 2004 e 1982	A	
F	Masculina	Nados/as entre 1981 e 1967	A	
	Feminina			
G	Masculina	Nados/as ano 1966 e anteriores	B	
	Feminina			

4.1.-PROBA FEDERADA.- Para a inscrición nesta proba é obrigatorio estar en posesión da licenza federativa.

Percorrido A: De 2.000 metros, para as categorías C-D-E

Percorrido B: De 1.000 metros, para as categorías A-B-G

TROFEOS.- Terán trofeo os seguintes participantes da proba federada da travesía:

- Os tres primeiros clasificados en cada categoría, en masculino e en feminino do percorrido A (2.000 mts) e B (1.000 mts).
- O participante máis xove e de máis idade dos percorridos A, B, e C.
- O/a vencedor/a absoluto/a da travesía, na categoría masculina e feminina, tanto nos percorridos A (2.000 mts) como B (1.000 mts).

4.2.- PROBA POPULAR.- Son libres e poderán participar todos os nadadores que o desexen, posúan ou non licencia federativa.

Percorrido C: De 500 metros popular para todas as categorías.

TROFEOS.- Os participantes da proba do percorrido C recibirán un agasallo conmemorativo da travesía.

5.- PROCEDIMIENTO DE INSCRICIÓN. As inscricións poderán efectuarse a partir do día 1 de setembro ata o 9 de setembro as 22:00 horas a través do mail clubmarinaferrol@gmail.com, ou ata o fin de dorsais.

Estableceranse os seguintes límites nas inscricións:

- 250 participantes nas probas federadas
- 100 participantes na proba popular.

Os datos necesarios para a inscrición serán:

- Número de licencia (federados) ou DNI (non federados)
- Nome e apelidos
- Data de nacemento (día, mes e ano)
- Categoría de participación
- Club no que milita (participantes federados)
- Teléfono de persoa de contacto en caso de emerxencia.

As inscricións de menores deberán de vir acompañadas dunha autorización do seu pai/nai ou titor legal.

6.- SEGURIDADE.- Durante a celebración da travesía a Organización contará coa colaboración de entidades de seguridade e deportivas coa fin de garantir a seguridade dos nadadores/as durante a proba.

A Organización ten subscrito un Seguro Colectivo de Accidentes e Responsabilidade Civil. De tódolos xeitos, **a Organización recomenda aos participantes que, con anterioridade á proba, efectúen un recoñecemento médico específico e que realicen un adestramento axeitado para as características desta competición.**

7. - Non se poderán utilizar aletas, flotadores ou similares, nin ningún dos bañadores incluídos na lista vetada pola FINA. Permitiranse os neoprenos de acordo coa normativa da Federación Galega de Natación.

8.- A organización poderá modificar este regulamento ou o circuito polo que discorrerá a carreira sen aviso previo. Así mesmo, resérvase a facultade de decidir sobre calquera circunstancia ou aspecto que non se considere neste regulamento.

9.- Ao se inscribiren, todos os nadadores aceptan a publicación do seu nome e a súa imaxe nas clasificacións, medios de comunicación ou en internet. De igual maneira, mediante a inscrición o/a nadador/a consinte expresamente que os seus datos sexan empregados pola organización para comunicacións respecto da súa actividade.

En calquera caso, tal e como establece a Lei de protección de datos de carácter persoal, as persoas interesadas poden exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición a través dun escrito ou correo electrónico dirixido ao Negociado de Deportes do Concello de Ferrol, praza de Armas s/n, 15402 Ferrol, <deportes@ferrol.es>.

10.- Coa inscrición na proba enténdense aceptadas todas as normas e demais consideracións reflectidas neste regulamento.

11.- A travesía darase por finalizada aos 45 minutos seguintes de darse a saída. Todo participante que non finalizase a mesma nese tempo, quedará descualificado automaticamente.

12.- A entrega de trofeos realizarase unha vez finalizada a proba.

Percurso A: De 2.000 metros, para as categorías C-D-E-F-



Percorrido **B**: De 1.000 metros, para as categorías A-B-H-I



Percorrido **C**: De 500 metros, para a proba popular.



